



MEMORIA 2023

CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA
DO DEPORTE E O BENESTAR

Asemblea Xeral Ordinaria

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. INTRODUCCIÓN | 1 |
| 1.2 PERSOAL DO CLÚSTER | 4 |
| 2. ACTIVIDADES REALIZADAS POLO CLÚSTER | 6 |
| 2.1 O CLÚSTER EN CIFRAS | 7 |
| 2.2 ACTIVIDADES REALIZADAS POLO CLÚSTER | 8 |
| 2.3 PROXECTOS DO CLÚSTER | 9 |
| 2.4 REUNIÓNS DE TRABALLO | 24 |
| 2.5 EVENTOS | 29 |
| 2.6 CAMPAÑAS PROMOCIONAIS | 36 |
| 3. COMUNICACIÓN | 38 |
| 3.1 REDES SOCIAIS | 39 |
| 3.2 NEWSLETTER | 41 |
| 3.3 GUÍA DE ESTILO | 42 |
| 4. PREVISIÓN DE ACTIVIDADE PARA 2024 | 43 |
| 4.1 EVENTOS | 44 |
| 4.2 GRUPOS DE TRABALLO | 46 |
| 4.3 COMUNICACIÓN | 47 |
| 5. MEMORIA ECONÓMICA E ORZAMENTOS | 48 |



1. INTRODUCCIÓN

1 INTRODUCCIÓN

O sector do deporte en Galicia é unha das poucas actividades cunha demanda que leva crescendo de maneira continuada dende hai máis de 20 anos. Con máis de 2.000 empresas que representan un volume anual de negocio que ronda os 1.600 millóns de euros e que xeran uns 12.000 postos de traballo, o sector preséntase como unha das actividades económicas máis relevantes da rexión.

Amais trátase dun sector que posúe un alto impacto na calidade de vida da cidadanía, xa que o seu crecemento implica o fomento de contornas activas que repercuten positivamente na saúde e o benestar da poboación galega.


Por outra parte, a “industria do benestar” é un dos sectores emerxentes e de alto potencial identificados tanto na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) como na Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0. Nese sentido, o Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia nace perfectamente aliñado cos obxectivos identificados a ese respecto a nivel rexional para o impulso da economía galega.

Así, no ano 2021 constitúese o Clúster Galego da Industria do Deporte e do Benestar, como unha asociación de empresas que ten por obxectivo global aglutinar ás entidades vinculadas ao sector, perseguindo situar á industria de deporte en Galicia nunha posición de liderado competitivo e de contribuír, ademais, á mellora da calidade de vida en Galicia.

Durante os anos 2022 e 2023, o Clúster segue a prestar os seus servizos coma o aglutinador das empresas do sector, traballando para defender os intereses deste e impulsar o seu crecemento sostible, innovador e internacional.

Os principais sectores de actividade que integran o Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar, son:

Principais sectores da industria do deporte



Tal e como se recolle na constitución do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar, este ten entre os seus obxectivos desenvolver proxectos que incrementen a actividade das empresas, contribuír á recuperación do tecido industrial deportivo, promover medidas de aforro e eficiencia enerxética ou impulsar a implantación de sistemas de calidade, entre outros.

No mesmo ano da súa creación, o Clúster Galego da Industria e do Deporte e o Benestar concorreu ás axudas convocadas polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) da Xunta de Galicia para agrupacións empresariais innovadoras (Clústeres emerxentes) finalizando a súa execución en xuño de 2022.

A finais de 2022, o Clúster Galego da Industria e do Deporte e o Benestar concorreu de novo ás axudas convocadas polo IGAPE para agrupacións empresariais innovadoras (Clústeres emerxentes), cumprindo os requisitos para ser beneficiario e presentando unha memoria descritiva das actividades a desenvolver con cargo ás partidas orzamentarias descritas nas mesmas.

1.2 PERSOAL DO CLÚSTER

Os perfís de xerencia e márketing contemplados na convocatoria de Clústeres emerxentes veñen de estar realizando as seguintes tarefas dentro do marco dos obxectivos e actividades establecidas na memoria descritiva. A continuación, recompílanse as funcións e tarefas dos perfís imputados:

Perfil Xerente: Sofía Toro Prieto-Puga

- Representación do Clúster en eventos relevantes do sector.
- Reunións con representantes do ámbito local, autonómico e nacional.
- Organización e asistencia a eventos propios e aos organizados por outros organismos ou redes de interese.
- Labores de comunicación interna.
- Traballos de fomento da cooperación entre entidades do sector.
- Tarefas de seguimento de apoios públicos de posible aplicación para as entidades asociadas.
- Organización e participación en actividades de networking coa masa social do Clúster e con axentes externos.
- Preparación da xustificación da axuda de Clústeres emerxentes.

Perfil Director de Comunicación: Eduardo Agulló Canosa

- Preparación de materiais de comunicación para o seu uso en eventos.
- Accións de difusión e promoción das actividades e masa social do Clúster.
- Participación na organización de eventos promocionais.
- Soporte e cobertura mediática dos eventos relevantes do sector nos que participa o Clúster.
- Deseño da imaxe gráfica para as tarefas de promoción permanente do Clúster.
- Mantemento e creación de contidos para a actualización dos perfís do Clúster.
- Participación na organización de eventos promocionais.
- Execución de campañas promocionais.

Programa Investigo: O Clúster resultou beneficiario do programa INVESTIGO 2023 cunha dotación de 111.029,52€, destinados á realización de 4 novas contratacións para desenvolver actividades de I+D+i relacionadas coa estratexia de especialización intelixente RIS3 Galicia 2021-2027 (<https://ris3galicia.es/retos-e-prioridades/>).

Estes contratos formalizáronse o 21 de xuño e terán unha duración dun ano. As persoas que se suman ao equipo de traballo do Clúster son as seguintes:

**Carla da Silva Castro**

Doutora en Saúde e Motricidade Humana pola UDC, experta en procesos de inclusión no deporte.

Lidera a investigación sobre promoción de actividade física en persoas maiores en Galicia. Coordina a incorporación do Clúster ao programa Horizonte Europa.

**Candela Rial Soto**

Técnica en Animación y Actividades Físico Deportivas.

Está a elaborar informes relevantes para o Clúster e está a traballar en conxunto con Carla nos proxectos que está a levar a cabo.

**Adrián Eirey**

Graduado en Deseño Gráfico e ciclo superior de Ilustración

Elabora as creatividadeas, diseña os informes e encárgase da creación e difusión da marca do Clúster así como dos seus proxectos.

**Chema Fernández**

Graduado en Enxeñaría da Enerxía pola Universidade de León

Está a elaborar un informe de eficiencia enerxética en instalacións deportivas que culminará coa redacción dun libro branco de boas prácticas para remitir á FEGAMP e INEGA.



2.ACTIVIDADES REALIZADAS POLO CLÚSTER



2.1 O CLÚSTER EN CIFRAS

44
AXUDAS
REVISADAS

54
NEWSLETTER

7
EVENTOS
#ACTÍVATE

32
REUNIÓN
ADMINISTRACIÓN

34
EVENTOS

46
PERCORRIDOS

OBSERVATORIO
GALEGO

PLAN MÁIS

EFICIENCIA
ENERXÉTICA

INFORME
HÁBITOS
DEPORTIVOS

INFORME
SAÚDE

PLAN 2MM

PÍLDORAS
FORMATIVAS

PLAN
ESTRATÉXICO

SUBVENCIONES

XERACIÓN
SINERXÍAS

+800 HORAS DE
TRABALLO DIRECTO
PARA AS ENTIDADES
ASOCIADAS



XERACIÓN DUN VALOR
ANUAL DE +5.000€ PARA
AS ENTIDADES
ASOCIADAS

2.2 ACTIVIDADES REALIZADAS POLO CLÚSTER

As actividades realizadas enmárcanse nos obxectivos do Clúster propostos na memoria:

- **Visibilidade:** actividades destinadas a mellorar a visibilidade do Clúster fronte aos diferentes stakeholders, os seus públicos obxectivo e axentes de interese.
- **Representatividade:** actividades destinadas a ampliación do número de entidades asociadas do Clúster co obxectivo de mellorar a súa representatividade no sector.
- **Socialización interna:** accións destinadas ao impulso do “networking” interno entre as empresas e organismos asociados ao Clúster.
- **Socialización externa:** accións relacionadas coa asistencia a eventos e reunións con empresas e organismos externos para garantir a presenza do Clúster nas institucións, plataformas e redes de interese.
- **Dinámica de traballo interna:** accións de cara a establecer as comisións temáticas do Clúster, obtendo un sistema de participación periódica da masa social.
- **Proxectos estratéxicos iniciais:** colaboración na definición e posta en marcha dos principais proxectos a nivel sectorial e empresarial.



2.3 PROXECTOS DO CLÚSTER

PLAN 2 MILLÓNS

2M

 Dous
Millóns

O Plan 2 millóns pretende conseguir que en 2030 Galicia sexa unha rexión referente en hábitos deportivos e que dous millóns de persoas realicen actividade física de xeito regular.

Xa temos o compromiso e a sinatura dun convenio de adhesión ao Plan 2 Millóns cos grandes concellos de Galicia. Ademais, achegamos unha presentación a grandes empresas galegas como Estrella Galicia e Abanca.

Tamén elaboramos unha lista de accións que foi trasladada a Diego Calvo, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Deportes.

O día 1 de decembro presentamos o proxecto.

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE

O pasado mes de setembro creouse desde o Clúster o Observatorio Galego do Deporte, que ten como finalidade analizar datos do sector que podan ser relevantes na toma de decisións. Desde este observatorio redactouse recentemente un **informe sobre a situación de Galicia no Anuario de Estatísticas Deportivas 2023**, publicado pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Cultura e Deporte; e outro sobre a **situación da nosa comunidade na Enquisa Europea de Saúde en España 2020** realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).



PLAN MÁIS

A raíz das contratacións do **programa INVESTIGO** e enmarcado dentro do Observatorio Galego do Deporte, estase a desenvolver o **Plan Máis** para a promoción da actividade física nas persoas maiores e con cronicidade en Galicia. Este plan consta de 3 fases:



- 1 Análise-diagnóstico da situación actual:** a través dun cuestionario para determinar o nivel de práctica deportiva da poboación maior e con cronicidade en Galicia, así como a súa motivación para realizar actividade física. Este cuestionario difundíuse no mes de outubro. Actualmente estamos recibindo as respostas da veciñanza dos concellos que foron seleccionados ao azar no proceso de mostreo estratificado por conglomerados.
- 2 Estudo de boas prácticas nos concellos galegos:** revisáronse as páxinas web dos 313 concellos galegos en busca de boas prácticas relacionadas coa actividade física e as persoas maiores. Despois de identificar diferentes modelos postos en marcha en distintos municipios galegos, realizaranse entrevistas semiestruturadas coas persoas responsables destes proxectos para afondar neles.
- 3 Redacción e divulgación dunha guía con accións para fomentar a actividade física nas persoas maiores e con cronicidade,** tendo en conta a situación da que se parte a nivel galego e os exemplos de boas prácticas recollidos na fase anterior.

Recursos e documentación xerados no Plan Máis

- [Convenio específico coas universidades](#)
- [Presentación para o proxecto senior-ECO-nect](#)
- [Enquisa sobre actividade física e deporte para persoas maiores e con cronicidade en Galicia](#)
- Presentación para Sportur

Este plan conta cunha imaxe corporativa propia que será empregada en todos os elementos de difusión. Amais, neste proxecto participan as **universidades da Coruña e Vigo**, para o cal se redactou un convenio de colaboración específico que será asinado por todas as partes neste ano.



As tarefas realizadas ata o momento resúmense na seguinte táboa:

| Tarefa | Data | Descrición |
|-------------------------|-------------|---|
| Busca bibliográfica | 3-13 xullo | Busca de información e enquisas validadas. |
| Reunión inicial | 14 xullo | Primeira reunión do equipo de investigación. Definición da estrutura do proxecto. Selección das enquisas a empregar. |
| Elaboración borrador v1 | 17-20 xullo | Elaboración do primeiro borrador da enquisa. |

| Tarefa | Data | Descrición |
|--|----------------|---|
| Estudo boas prácticas nos concellos | 17-21 xullo | Revisión da información relacionada coa oferta física e deportiva para persoas maiores nas páxinas web dos 313 concellos galegos. |
| Reunión revisión borrador v1 | 21 xullo | Revisión conxunta da primeira proposta da enquisa por parte do equipo de investigación. Revisión do convenio específico coas universidades. |
| Elaboración borrador v2 | 7-9 agosto | Creación dun novo borrador da enquisa seguindo as pautas acordadas na reunión do equipo de investigación. |
| Revisión borrador v2 e imaxe corporativa | 10-17 agosto | Revisión vía correo electrónico da segunda versión da enquisa, e da tradución ao galego. Discusión sobre a imaxe corporativa e o nome do proxecto. |
| Reunión revisión borrador v2 | 18 agosto | Revisión final do borrador da enquisa, coa decisión de acurtala por ter unha duración excesiva. Aportacións á proposta de imaxe corporativa. |
| Elaboración borrador v3 | 21-25 agosto | Elaboración da terceira versión da enquisa, acurtándoa segundo as pautas acordadas na reunión anterior. |
| Reunión revisión borrador v3 | 4 setembro | Revisión da nova versión da enquisa, coa estrutura en bloques e a nova formulación das preguntas. Revisión da nova proposta de imaxe corporativa e acordo no nome do proxecto (Plan Máis). |
| Elaboración borrador v4 | 5-15 setembro | Reformulación da enquisa en base ás aportacións da reunión anterior. Maquetación en formato online e en PDF. |
| Elaboración versión final enquisa | 18-22 setembro | Modificación dos últimos detalles da enquisa e creación da versión final. Maquetación definitiva en formato online e PDF. Envío ao equipo de investigación para a súa revisión. |
| Presentación a seniorECONect | 21 setembro | Presentación do Clúster co Plan Máis ao mapa de solucións do proxecto seniorECONect promovido polo Clúster Saúde Galicia. |
| Validación galego | 25 set - 6 out | Difusión da enquisa entre persoas galegofalantes para a validación da tradución ao galego. |

| Tarefa | Data | Descrición |
|---------------------------------------|----------------|---|
| Reunión revisión situación | 4 outubro | Revisión do número de respostas da validación en galego (18 de 25 necesarias). Modificación da enquisa en base a aportacións participantes. Revisión final do convenio coas universidades. Propostas para a definición da estratexia de difusión da enquisa. |
| Selección 1 municipios | 5-11 outubro | Realización do mostreo estratificado por conglomerados, en función do tamaño do concello, e o xénero e a idade das persoas participantes. Selección ao azar dos 15 concellos nos que se difundirá a enquisa. |
| Análise datos da validación en galego | 11-24 outubro | Análise cuantitativo dos datos obtidos na validación. Reformulación de certos ítems en función dos resultados. Elaboración da versión definitiva da enquisa. |
| Elaboración da cartelería | 11-24 outubro | Elaboración do póster para a difusión da enquisa. Elección definitiva da imaxe corporativa do proxecto. |
| Envío 1 enquisa | 26 outubro | Primeiro envío da enquisa por email aos concellos seleccionados. |
| Envío 2 enquisa | 2 novembro | Segundo envío da enquisa por email aos concellos seleccionados. |
| Presentación CSG | 7 novembro | Presentación do Plan Máis no evento do proxecto Erasmus+ seniorECONect do Clúster Saúde Galicia. |
| Chamada 1 enquisa | 9-13 novembro | Primeiro recordatorio mediante chamada telefónica aos concellos para solicitar a súa colaboración na difusión. |
| Selección 2 municipios | 13 novembro | Segunda selección ao azar de 3 municipios para ampliar o mostreo. |
| Chamada 2 enquisa | 22-28 novembro | Segundo recordatorio mediante chamada telefónica aos concellos para solicitar a súa colaboración na difusión. |

Como pasos a seguir neste proxecto, atópanse os seguintes:

- **Novembro:**
 - Recordatorios aos municipios para a colaboración na difusión
 - Selección dos concellos para a realización de entrevistas sobre boas prácticas
- **Decembro:**
 - Realización das entrevistas sobre boas prácticas
- **Xaneiro:**
 - Análise cuantitativo e cualitativo dos datos obtidos na enquisa e nas entrevistas
 - Elaboración do informe de resultados
- **Febreiro:**
 - Elaboración do documento-guía de recomendacións
- **Marzo/xuño:**
 - Campaña de difusión do documento-guía de recomendacións



ESTUDO E GUÍA DE MELLORAS ENERXÉTICAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Coa financiación do Programa INVESTIGO, e enmarcado dentro do Observatorio Galego do Deporte estase a levar acabo unha investigación sobre a eficiencia enerxética das instalacións deportivas galegas.

A realización dun estudo exhaustivo sobre a eficiencia enerxética nas instalacións deportivas de Galicia preséntase como unha necesidade imperante no contexto actual xa que a maioría das instalacións galegas foron construídas hai máis de 20 anos e necesitan reformas que melloren a súa funcionalidade.

A eficiencia enerxética non só é unha responsabilidade ambiental, senón que tamén contribúe significativamente á sostibilidade económica e ao benestar social. A continuación, expóñense diversas razóns que respaldan a importancia de levar a cabo dito estudo:

- **Compromiso coa Sostibilidade Ambiental:**

- A eficiencia enerxética é esencial para reducir a pegada de carbono e minimizar o impacto ambiental das instalacións deportivas. A adopción de prácticas enerxéticamente eficientes contribuirá directamente á mitigación do cambio climático e á preservación do entorno natural de Galicia.

- **Optimización de Recursos Económicos:**

- A eficiencia, ademais de promover a responsabilidade ambiental, representa un aforro económico significativo. A implementación de tecnoloxías e prácticas eficientes pode reducir os custos operativos a longo prazo, liberando recursos financeiros para outras melloras nas instalacións deportivas.

- **Mellora na Calidade das Instalacións:**

- A eficiencia enerxética non só se traduce en aforros económicos, senón que tamén pode mellorar a calidade das instalacións deportivas. A inversión en sistemas de iluminación, climatización e xestión de enerxía pode contribuir a un ambiente máis confortable e seguro para persoas atletas, adestradoras e espectadoras.

- **Cumprimento de Normativas e Lexislación:**

- A eficiencia enerxética está cada vez máis regulada por normativas gobernamentais. Un estudo integral permitirá identificar as áreas que requiren melloras para cumprir cos estándares e regulacións actuais, evitando posibles sancións e fomentando o cumprimento normativo.

- **Fomento da Innovación Tecnolóxica:**

- A propura de solucións para mellorar a eficiencia enerxética impulsará a innovación tecnolóxica no ámbito das instalacións deportivas. O cal proporcionará beneficios ás instalacións en cuestión, e podría xerar oportunidades para o desenvolvemento de tecnoloxías aplicables noutros ámbitos.



A continuación expone as fases do proxecto así como un cronograma das tarefas a realizar

- 1 Análise-diagnóstico da situación actual:** a través dun cuestionario para determinar o estado e mantemento das instalacións deportivas galegas. Este cuestionario difundíuse no mes de novembro e actualmente se está recompilando as respostas.
- 2 Creación grupo de traballo infraestructuras.** No mes de xaneiro crearase un grupo de traballo.
- 3 Publicación do estudo:** No mes de maio está prevista a publicación do estudo como un informe do Observatorio Galego do deporte
- 4 Redacción e divulgación dunha guía de recomendacións** para mellora e construcións de novas infraestructuras.




| Data | Fases e Tareas |
|--------------------------|--|
| 1 de xullo - 1 de agosto | FASE 1: DEFINICIÓN DO PROXECTO |
| 1 - 10 de xullo | 1.1. Definir o alcance do proxecto |
| 1 - 10 de xullo | 1.2. Definir o tipo de investigación |
| 10 - 20 de xullo | 1.3. Determinar que tipo de instalacións serán estudadas |

| Data | Fases e Tarefas |
|------------------------------------|---|
| 10 - 20 de xullo | 1.3. Determinar a metodoloxía do proxecto |
| 31 de xullo - 15 setembro | FASE 2: PROCURA DE BOAS PRÁCTICAS |
| 31 de xullo - 10 agosto | 2.1. Procura de información na rede |
| 1 de setembro - 10 de setembro | 2.2. Detección dos puntos en común dos programas e plans exitosos |
| 10 de setembro-15 de setembro | 2.3. Extrapolación das boas prácticas a realidade da sociedade galega |
| 15 de setembro - 20 de febreiro | FASE 3: ESTUDO DA SITUACIÓN INICIAL |
| 15 de setembro - 15 outubro | 3.1. Elaboración e validación do cuestionario |
| 30 de outubro 15 de decembro | 3.2. Difusión do cuestionario |
| 15 de decembro - 15 de xaneiro | 3.3. Realización de entrevistas persoais |
| 15 de xaneiro- 20 de xaneiro | 3.4. Análise cualitativo dos datos obtidos |
| 20 de xaneiro - 20 de febreiro | 3.5. Elaboración do informe de resultados |
| 20 de febreiro - 15 de marzo | FASE 4: ELABORACIÓN DO DOCUMENTO GUÍA DE RECOMENDACIÓNS |
| 15 de marzo - 1 de maio | FASE 4: DIFUSIÓN DO DOCUMENTO-GUÍA E CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN |


INICIO PLAN ESTRATÉXICO 2024-2028

Durante o último cuatrimestre do ano, traballouse na definición dos puntos que debe ter obrigatoriamente o Plan Estratéxico requerido para o recoñecemento do Clúster como unha Asociación Empresarial Innovadora. Do mesmo xeito, repasáronse os contidos elaborados no Plan Estratéxico presentado en 2021 e iniciouse a redacción do novo plan. Establecemos unha franxa temporal de 4 anos.



No que resta de ano traballarase na realización das entrevistas persoais sobre a situación e os principais retos do noso sector, e o Plan Estratéxico 2024-2028 será sometido á aprobación da Asemblea Xeral na convocatoria de 2024.

Consulta o documento cos avances do Plan Estratéxico 2024-2028 [AQUÍ](#)



XORNADAS DE INCLUSIÓN NO DEPORTE

A Secretaría Xeral para o Deporte encargou ao Clúster a organización dunhas xornadas sobre inclusión social no deporte, dirixidas ás federacións deportivas galegas.

Esta formación titulouse “**A inclusión no deporte: o papel das federacións deportivas**” e tivo unha duración de 20 horas, repartidas en 12 horas presenciais, 4 horas online e 4 horas de traballo autónomo. A estrutura da formación foi a seguinte:

| Data | Lugar | Bloque |
|-------------|--|---|
| 03/11/2023 | Servicio Provincial de Deportes da Xunta de Galicia (A Coruña) | Bloque I. Introducción ao marco teórico da inclusión no deporte |
| 07/11/2023 | Servicio Provincial de Deportes da Xunta de Galicia (Vigo) | Bloque II. Os modelos segregados, ou como incluír desde a contorna |
| 14/11/2023 | Online | Bloque III. Os modelos inclusivos, ou como participar de forma conxunta |
| 24/11/2023 | Escola Galega de Administración Pública (Santiago de Compostela) | Bloque IV. Experiencias prácticas no espectro da inclusión no deporte |
| Transversal | Traballo autónomo | Bloque V. Elaboración dun plan de inclusión en entidades deportivas |

Esta formación contou cun equipo docente con ampla experiencia nos procesos de inclusión no deporte, tanto a nivel galego como estatal. Estivo financiada a través de fondos europeos, cun orzamento total de 6.851,21€.

O contido de cada un dos bloques desta formación relátase a continuación:

BLOQUE I: INTRODUCCIÓN AO MARCO TEÓRICO DA INCLUSIÓN NO DEPORTE

Neste bloque fíxose un repaso polos conceptos clave relacionados coa inclusión no deporte, e tratouse o papel da comunidade neste proceso.

Conceptos clave na inclusión no deporte

Impartido pola Dra. Carla da Silva Castro, experta en procesos de inclusión no deporte. Actualmente traballa como investigadora no Clúster, e é presidenta de IMAS Spain. É graduada en Ciencias da Actividade Física e o Deporte pola UDC, e conta cun Mestrado en Discapacidade e Dependencia (UDC) e outro en Trastornos do Espectro Autista (Universidad de La Rioja). Ademais, é doutora con mención internacional cunha tese sobre mixed ability rugby.

No seu relatorio tratou o cambio de enfoque do concepto de discapacidade ao longo dos anos, e a súa aplicación no ámbito deportivo.

O papel da comunidade nos procesos de inclusión no deporte

Impartido por Iago Menguíña, membro fundador de SOMOS, unha asesoría e consultaría para a promoción da vida independente en comunidade e a xestión de apoios. É tamén director do Servizo de Ocio, Deportes e Participación Social de Aspronaga. En canto á súa formación, é licenciado en Educación Física.

Na súa intervención incidiu na percepción da calidade de vida, no concepto de comunidade, e no rol e responsabilidades dos axentes sociais implicados na contorna deportiva.

BLOQUE II: OS MODELOS SEGREGADOS, OU COMO INCLUÍR DESDE A CONTORNA

Neste bloque fíxose referencia ás diferentes posibilidades de práctica deportiva de xeito segregado, así como ás opcións existentes para realizar deporte adaptado en contornas inclusivas.

O deporte adaptado

Este relatorio inicialmente ía ser impartido por Domingo Salinas, director deportivo da Federación Galega de Deporte Adaptado (FGDA). Finalmente, por un problema de saúde, foi substituído pola secretaria desta entidade, Susana García Senra.

Na súa intervención, presentou o traballo da FGDA, que naceu no ano 2015 despois da fusión entre as federacións galegas de deporte e discapacidade intelectual e de discapacidade física. Conta con máis de 500 licenzas de deportistas e organiza a competición federada en diferentes modalidades deportivas (baloncesto en cadeira de rodas, atletismo, natación, fútbol sala, etc.).

A inclusión desde o deporte adaptado

Impartida por Sara González, Tania Montegudo e Ángel López, representantes da Fundación ENKI. Sara é terapeuta ocupacional nesta entidade, onde traballa na análise e eliminación das barreiras que dificultan o acceso ao deporte ás persoas con discapacidade a través da autonomía persoal, o asesoramento e a adaptación dos materiais deportivos e da contorna. Tania é educadora físico deportiva, e desde ENKI busca que todas as persoas con discapacidade teñan facilidades para iniciarse e practicar deporte, sendo un apoio durante todo este proceso. Finalmente, Ángel é o presidente da Fundación ENKI, ademais de deportista nas disciplinas de natación, ciclismo e triatlón.

Neste relatorio, presentaron o traballo de ENKI, entidade asociada ao Clúster, para achegar o deporte a todas ás persoas, e para crear contextos inclusivos onde convivan o deporte adaptado e o deporte convencional.

BLOQUE III: OS MODELOS INCLUSIVOS, OU COMO PARTICIPAR DE FORMA CONXUNTA

Neste bloque, que tivo lugar de xeito online, fíxose un repaso polas diferentes opcións de práctica deportiva inclusiva, así como os distintos recursos metodolóxicos que existen na actualidade.

O deporte inclusivo

Impartido pola Dra. Carmen Ocete Calvo, responsable de deporte inclusivo en Down España. É doutora en Ciencias da Actividade Física e o Deporte pola Universidade Politécnica de Madrid. Actualmente exerce como profesora no dobre grado de Ciencias do deporte e Educación Primaria da Universidade Pontificia de Comillas. Leva vinculada a Down España desde o ano 2013, liderando proxectos relacionados cos procesos de inclusión a nivel nacional, a través da formación nas federacións deportivas nacionais e da xeración de recursos, de proxectos de investigación e de proxectos educativos. É parte da Xunta Directiva da Federación Española de deportes para persoas con discapacidade intelectual (FEDDI), e presidenta da súa Comisión de Deporte Inclusivo.

No seu relatorio, fixo un repaso pola evolución do concepto de deporte inclusivo e presentou diferentes estratexias e guías para incorporar a inclusión nas entidades deportivas.

O modelo mixed ability

Impartido por David Izquierdo González, secretario de IMAS Spain, adestrador do equipo internacional MARI's de rugby mixed ability e adestrador e orientador educativo no proxecto mixed ability do Saski Baskonia SAD. Formou parte do comité organizador do torneo internacional de rugby mixed ability celebrado en Vitoria-Gasteiz no ano 2017 (IMART 2017), e é licenciado en Pedagogía e Diplomado en Maxisterio de Educación Especial pola Universidade de Salamanca.

Na súa intervención, presentou o modelo mixed ability: unha oportunidade de práctica deportiva en contextos mixtos, con persoas con e sen discapacidade que participan de forma conxunta sen etiquetas nin clasificacións.

BLOQUE IV: EXPERIENCIAS PRÁCTICAS NO ESPECTRO DE INCLUSIÓN NO DEPORTE

Neste bloque presentáronse diferentes experiencias reais nos diferentes puntos do espectro de inclusión no deporte, sendo exemplo do falado nos bloques anteriores.

Baloncesto en cadeira de rodas

Impartido polo Basketmi Ferrol, un dos clubs decanos de Galicia. Foi fundado en 1990 e ten a súa sede en Ferrol. O seu equipo sénior milita na Liga Nacional (primeira división) desta modalidade deportiva. O equipo está formado por xogadores galegos. Na súa representación estivo o seu presidente, Álvaro Illobre, quen foi xogador do equipo, ademais de competir tamén en tenis en cadeira de rodas, deporte no que xogou dúas Paralimpiadas.

Álvaro presentou a historia, experiencia e actividades do club Basketmi Ferrol, como un exemplo de promoción do deporte adaptado para persoas con discapacidade.

Baloncesto para persoas con discapacidade nun club convencional

Impartido polo Club Maristas Coruña, entidade que conta cun equipo específico para persoas con discapacidade intelectual. Esta entidade deportiva está ligada ao colexio Marista Cristo Rey da Coruña, co que comparte valores e metodoloxías de traballo. É un club de formación en tres modalidades deportivas: fútbol sala, fútbol 11 e baloncesto, destacando esta última sobre as outras dúas. Para presentar o proxecto estiveron Aitana Ramos e Susana Lousame, coordinadoras xerais do clube e adestradoras deste equipo.

Aitana e Susana fixeron un percorrido pola relación da entidade coa discapacidade, un camiño que se iniciou xa hai 10 anos da man da asociación Aspronaga. Do mesmo xeito, presentaron ao equipo Maristas-Aspronaga, que está integrado dentro da estrutura do clube.

Baloncesto mixed ability

Impartido pola Fundación 5+11, que se atopa dentro do Baskonia-Alavés Group. Nesta fundación dan cabida a equipos de rendemento, de participación e a diferentes proxectos sociais, tanto no baloncesto coma no fútbol. Para explicar experiencia desta entidade nos procesos de inclusión no deporte, estivo presente Dorleta de la Presa, coordinadora da Escola de Baloncesto Fundación 5+11 e do programa BASKONIA4LIFE.

Dorleta presentou o proxecto Baskonia Mixed Ability, que se iniciou na tempada 2020/2021. Dentro deste proxecto contan con dous equipos masculinos e un equipo feminino, os tres formados por persoas con e sen discapacidade.

BLOQUE V: ELABORACIÓN DUN DECÁLOGO DE INCLUSIÓN

O quinto bloque foi transversal e de traballo autónomo. Consistía en elaborar un listado con dez medidas para fomentar a inclusión na súas entidades. Tiñan que entregalo mediante correo electrónico antes da última sesión presencial.

Nesta formación participaron unhas 45 persoas relacionadas coas distintas federacións deportivas galegas. O curso tivo moi boa acollida entre as persoas inscritas e actualmente está aberto o período para cubrir a enquisa de satisfacción.

Consulta a nova co resumo da formación [aquí](#).



2.4 REUNIÓN DE TRABALLO

- ✓ **Reunións con AEXIDEGA, FEGAMP e a Secretaría Xeral da Industria:** o Clúster e AEXIDEGA reuníronse coa FEGAMP e a Secretaría Xeral da Industria co propósito de poñer de manifesto a situación que están a atravesar as instalacións deportivas galegas por mor do incremento dos gastos enerxéticos.

O sector trasladou que os gastos estimados para o ano 2022 en consumo eléctrico e gas podería chegar a triplicar os gastos do ano 2019. Particularmente, unha instalación tipo con 1.000 accesos diarios e 25 persoas traballadoras puido observar como os seus gastos enerxéticos pasaron dos 175.000 euros e supoñer menos do 9% da facturación da instalación a situarse preto dos 400.000, pasando a representar o 22% da facturación do centro.

A raíz desta reunión, creouse un grupo de traballo que ten como obxectivo tratar de atallar esta situación.

- ✓ **Reunión coa Secretaría Xeral para o Deporte:** o 24 de xaneiro presentouse ante a Secretaría Xeral para o Deporte un plan de forte impacto social e económico co que a industria do deporte pretende evolucionar o modelo deportivo de Galicia e, en consecuencia, aumentar a taxa de poboación activa.



- ✓ **Reunión IGAPE:** O equipo do Clúster reuniuse con Norberto Penedo, director de Competitividade do IGAPE, para avanzar en proxectos de dixitalización para o sector. Como resultado, acordouse traballar na creación do Big Data da industria do deporte galego.



- ✓ **Reunión coa Fundación Deporte Joven:** O Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar presentou ante a Fundación os proxectos que ten definidos ao abeiro do Plan 2 Millóns.
- ✓ **Reunión GAIN:** O Clúster propuxo a Axencia Galega de Innovación (GAIN) crear un **centro de investigación de Ciencias do deporte**, onde se realizarán estudos científicos relativos á industria do deporte galego e a todo o seu ecosistema. Tras a reunión acordouse seguir avanzando na oferta de servizos á masa social para abordar este tema cando o clúster teña definido un modelo de negocio sostible.

- ✓ **Reunión Viratec:** Sofía Toro mantivo unha reunión con Viratec e co Clúster de Saúde para acordar proxectos de colaboración para o vindeiro ano. Ademais aproveitouse a ocasión para resolver dúbidas ao respecto da convocatoria de Agrupacións Empresariais Innovadoras.



- ✓ **RIS3 Galicia 21-27:** o Clúster participou nas mesas de traballo para a definición das misións da RIS3 Galicia 21-27, o que supón un gran éxito para o sector, xa que é a primeira vez que o deporte participa nas decisións das políticas de innovación de Galicia.

Desde a GAIN lanzouse un cuestionario para identificar o interese nas diferentes premisións propostas dentro da RIS3 2021-2027, das que xurdirán as misións definitivas. No Clúster compartimos este cuestionario coas empresas asociadas co obxectivo de establecer o deporte como unha das principais misións desta estratexia de especialización.

- ✓ **Reunións con Vicepresidencia:** Desde o anuncio do bono deporte por parte do Presidente da Xunta de Galicia, o Clúster celebrou esta medida, que levará arredor de 16 millóns de euros en volume de negocio á industria do deporte. Á vez, solicitouse máis ambición para achegar as axudas a toda a mocidade de entre 6 e 16 anos, non só aquela que xa esté federada.

Deste xeito, levouse a cabo unha reunión co Vicepresidente, Diego Calvo, e co Secretario Xeral, José Ramón Lete, para coñecer de primeira man o planteamento da Xunta de Galicia ao respecto e transmitir o noso punto de vista.

Na reunión acordouse presentar unha proposta de ampliación, así como unha batería de accións relacionadas co Plan 2M. Ningunha das dúas propostas foi aceptada.



- ✓ **Reunións cos grandes concellos galegos:** A xerente e o presidente do Clúster mantiveron reunións nestes meses con diferentes institucións, tanto para a creación de novas alianzas como para o fortalecemento das xa existentes:
- ✓ **Concello da Coruña:** nesta reunión compartimos visións e presentamos os nosos proxectos a Manuel Vázquez, concelleiro de deportes do Concello da Coruña, e Daniel Regos, director de deportes.
- ✓ **Concello de Lugo:** reunión co concelleiro de xuventude e deportes, Jorge Bustos.
- ✓ **Concello de Santiago de Compostela:** encontro de traballo con Pilar Lueiro, concelleira de deportes, e Juan Garabato, técnico de deportes do Concello. Asistiron á reunión acompañados por Antón Antelo, de Multiusos Fontes do Sar.
- ✓ **Concello de Ferrol:** reunión xunto a Ricardo Aldrey Rey, concelleiro de deportes, acompañados por Pablo Tenreiro, directivo e representante de Aqualia.
- ✓ **Concello de Pontevedra:** reunión con Miguel Anxo Fernández Lores Alcalde de Pontevedra e con Anabel Gulías concelleira de Deportes.
- ✓ **Concello de Vigo:** reunión con Abel Cabellero, alcalde de Vigo, e con Jose Manuel Fernández, concelleiro de deportes.
- ✓ **Concello de Ourense:** reunión con Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, e con Anibal Pereira, concelleiro de Deportes.



- ✓ **Reunións coas Universidades:** durante este ano mantivéronse reunións tanto coa Universidade de Santiago, para asinar un acordo de colaboración, coma coa Universidade da Coruña, para modificar e ampliar o convenio vixente.
- ✓ **Encontros co Clúster de Saúde:** Sofía Toro reuniuse coa xerente do Clúster da Saúde, Gisela García-Álvarez, co fin de avanzar en proxectos que beneficien a ambas industrias, así como ao conxunto da sociedade. Ambas entidades asinarán un convenio de colaboración proximamente.

Ao fío desta reunión creouse un grupo de traballo, que será ampliado con Saúde Pública, Secretaría Xeral para o Deporte e a Consellería de Política Social, co obxectivo de tratar o tema da prescrición de exercicio físico en Galicia.

Nesta serie de reunións participaron as empresas: 10 mets, Instituto Médico Arriaza, DOS Deportes e The Well Being Lab.



2.5 EVENTOS

- ✓ **Dépor Innovation Centre Startup Challenge:** o Clúster acudiu a apoiar esta primeira edición da iniciativa do Dépor Innovation Centre en colaboración con Galicia Sportech. Nela participaron máis de 40 start-up, sendo Tabalú food & Tech unha das entidades premiadas, que está asociada ao noso tecido empresarial.



- ✓ **Startup Congress:** A xerencia do Clúster asistiu en representación ao Start up Congress, onde o presidente do Clúster, Jose Amado, realizou un relatorio falando do futuro do deporte.
- ✓ **Premios Deporte Galego:** o Clúster asistiu ao Auditorio Municipal de Ribeira para acompañar ás persoas galardonadas nos Premios Deporte Galego, entre as que había varias vencelladas á nosa entidade.
- ✓ **Fitur Sports:** Sofía Toro, xerente do Clúster, participou na primeira edición de Fitur Sports en Madrid, na que se amosou o potencial de Galicia como foco de captación de turismo deportivo.



- ✓ **II Foro Económico Español La Galicia que Viene:** Sofía Toro, xerente do Clúster, participou neste evento organizado por El Español, Invertia, Quincemil e Treintayseis, onde se presentou a temática do deporte como motor de integración e cambio.



- ✓ **XIII e XIV Premios Galicia á Xestión Deportiva:** na decimoterceira edición destes premios, Pedro Iglesias, o vicepresidente do Clúster, recibiu o galardón ao mellor xestor deportivo do ano, otorgado por AGAXEDE. Amais, BeOne foi recoñecida como a mellor entidade en patrocinios deportivos. Na edición decimocuarta, o Clúster participou no xurado, e ademais Amador Riveiro (The Well-Being Lab), Máis que Auga e Fundación ENKI foron escollidos mellor xestor deportivo, mellor entidade privada e mellor xestión deportiva de inclusión social, respectivamente.

- ✓ **Evento de presentación de Pontevedra Lab:** O persoal do Clúster asistiu como colaborador do proxecto á presentación de Pontevedra Lab, unha iniciativa que ten por obxectivo poñer a cidade de Pontevedra ao servizo da industria do deporte, converténdose nun laboratorio para as empresas do sector.



- ✓ **Programa de eventos en liña “Actívate”:** Actívate é un evento en liña mensual que naceu como un espazo propicio para a xeración de sinerxias. O obxectivo do mesmo é dar visibilidade ás empresas do sector e facilitar o acceso ao coñecemento.

A través destes encontros en liña, o Clúster pretende crear un espazo no que as empresas poidan presentar os seus proxectos ante o ecosistema do deporte, á vez que se crea unha fiestra a través da que se pode acceder a coñecemento de personalidades e entidades externas ao Clúster.

En cada evento participan preto dunha decena de entidades do ecosistema do deporte galego, que poden presentar brevemente a súa actividade e os seus proxectos, dándose a coñecer ante as persoas asistentes ao encontro. Ademais, tamén é unha oportunidade para escoitar a voces expertas que teñen moito que aportar ao sector.

Así, o Clúster busca dotar dunha ferramenta para dar a coñecer a actividade das persoas relatoras e crear un espazo de enriquecemento.

Este mes de novembro levouse a cabo a sétima edición do programa, onde xa participaron 41 empresas do Clúster.



- ✓ **Xornada Sports Clúster Exchange:** no mes de maio o Clúster celebrou a 2ª edición da Xornada Sport Clúster Exchange, organizada conxuntamente xunto a INDESCAT e Andorra Esports Clúster, na cal se convidou a empresas e entidades asociadas a participar nun encontro virtual.

Dito encontro estivo dirixido aos seguintes segmentos da industria deportiva:

- Eventos deportivos e outdoor.
- Instalacións deportivas e fitness.

A sesión foi organizada co obxectivo de seguir coñecendo aos clústeres do deporte máis próximos a nivel territorial e ás persoas que os integran, e de compartir casos de éxito dos proxectos e iniciativas, tanto aquelas impulsadas dende os Clústeres como dende as propias organizacións que os forman.

Para xestionar o proceso de inscrición das persoas asistentes elaborouse un formulario a través de da plataforma Meetmaps. Unha vez inscritas, o perfil das persoas asistentes pasou a estar visible na plataforma habilitada, onde podían consultar o resto de profesionais do sector inscritos e solicitar as reunións que considerasen oportunas.

Na primeira parte da xornada, cada clúster implicado presentou un proxecto e caso de éxito no sector do Fitness ou Outdoor, amosando a implicación e colaboración dos clústeres coa súa masa social.

Para a segunda parte da xornada habilitouse a plataforma de matchmaking coa finalidade de poder consultar o perfil das organizacións participantes e solicitar e aceptar reunións individuais.

O evento foi unha boa oportunidade para que as persoas asistentes se desen a coñecer, para compartir coñecementos, retos e posibles solucións. Nel participaron ata 12 empresas e entidades do sector deportivo de Cataluña, Galicia e Andorra.

- ✓ **Galicia Sportech:** os días 12, 13 e 14 de xuño celebrouse unha nova edición do evento na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra, que contou coa participación de máis de 60 ponentes, máis de 30 startups e recibiu a máis de 250 persoas de forma presencial e a máis de 2.500 online.

O tecido asociativo do Clúster estivo presente ao longo de todas as xornadas, tanto expoñendo o seu produto nos showrooms coma debatindo nas mesas redondas. Cabe destacar a participación da xerente, Sofía Toro, nunha mesa redonda sobre o papel dos clústeres como promotores da innovación na industria do deporte, e a de Fran Cortegoso coma membro do xurado do Sportech Competition.



- ✓ **Webinar Programas Innovación INLAB:** o 3 de xullo e o 12 de setembro organizamos un webinar informativo sobre os programas gratuítos de innovación INLab, coa colaboración de HubIn e Galicia Sportech. Nestos webinars presentáronse os programas Acelera a túa Peme, Acelera a túa Start Up e PontevedraLAB.
- ✓ **Presentación Cátedra institucional de Vida Saudable:** o Clúster asistiu ao acto de presentación da Cátedra institucional de Vida Saudable, cun programa de actividades que incluía a creación dunha rede de investigación e innovación galega en promoción da saúde e o desenvolvemento de novas liñas de investigación en hábitos de vida saudables e envellecemento activo.

✓ **Cursos Horizonte Europa:** parte do equipo do Clúster asistiu a un curso organizado pola GAIN sobre os proxectos europeos de Horizonte Europa para entidades principiantes. Tras rematar o curso, púxemos en contacto con Jana Vavrinova do CIS Tecnoloxía e Deseño, organismo público pertencente á GAIN, para comunicar a vontade do Clúster de participar en proxectos europeos no ámbito deportivo e da saúde.

Ademais, a raíz deste curso, rexistramos o Clúster no Funding&Tender Portal de Horizonte Europa, obtendo o número PIC que permite realizar solicitudes de participación en proxectos.

✓ **Centenario do RC Celta:** asistencia ao acto de celebración do centenario do RC Celta de Vigo , onde se presentou o seu novo proxecto GS360.

✓ **Presentación Carreira ENKI:** o 20 de setembro asistimos na Coruña a presentación da 10ª edición da "Carreira Enki". A Fundación ENKI é socia do Clúster e con eles estamos a traballar en programas de inclusión no deporte.



✓ **Xornada sobre tendencias e situación actual da industria do deporte:** o martes 31 de outubro organizamos, xunto ao Círculo de Empresarios de Galicia, unha xornada de grande interese sobre as tendencias e a situación actual da industria do deporte. Un evento que tivo lugar en Vigo e que recibiu a preto dun centear de persoas.

Tanto no acto de benvinda coma nas diferentes mesas redondas participaron integrantes e persoas asociadas ao Cúster. Nel debatiron compartindo a súa visión do sector dende os ámbitos sanitario, de organización de eventos deportivos e de fitness.

O evento foi de grande interese para o sector, xa que puideron escoitarse reflexións moi valiosas para a evolución dunha industria que ten moito que dicir no futuro de Galicia.



2.6 CAMPAÑAS PROMOCIONAIS

CAMPAÑA RECEITA DEPORTIVA

Posta en marcha dunha campaña de apoio da Receita Deportiva. A esta campaña sumáronse algunhas empresas do Clúster. Iniciouse unha campaña en redes sociais para amosar que a industria do deporte está preparada e disposta a axudar a poñer en marcha o proxecto. Tamén se publicaron en RRSS creatividade sobre o bo funcionamento da prescrición médica noutros territorios.

UNHA RECEITA
· PARA VIVIR MELLOR ·

A **industria galega do deporte** conta con **infraestruturas**, oferta de servizos de **calidade** e profesionais **preparados** para atender a persoas con **receita deportiva**.

Apoiamos a iniciativa anunciada polo presidente da Xunta de Galicia.

#ReceitaDeporte

clúster industria
DEPORTE GALEGO

SUECIA COMO MODELO A SEGUIR

RECEITA DEPORTIVA EN SUECIA 🇸🇪
#ReceitaDeporte



clúster industria
DEPORTE GALEGO

- Pautas de **exercicios físicos personalizados** según as características e circunstancias de cada paciente e según as evidencias científicas.
- Asesoramento, supervisión e seguimento.
- As **persoas poden elixir** entre exercicio físico individual, participar en actividades de grupo ou combinar ambos enfoques.
- O sistema de saúde sueco **colabora con empresas e asociacións de deportes** para que conten con persoal formado especificamente na prescrición de exercicio físico.

clúster industria
DEPORTE GALEGO

BONO DEPORTE

BONO DE 120€
PARA 134.000 ESCOLARES GALEGOS



PARA PRACTICAR DEPORTE
OU MERCAR MATERIAL DEPORTIVO

clúster industria
DEPORTE GALEGO

o **bono deporte** é unha medida que:

- 1.- Facilita o acceso ao deporte da mocidade galega.
- 2.- Promociona hábitos de vida saudábeis entre a mocidade.
- 3.- Xera riqueza e activa o comercio e a industria galega do deporte.



clúster industria
DEPORTE GALEGO

Debemos ampliar esta medida para que chegue a poboación inactiva, xa que:


- 1.- España é o 3º país europeo con máis casos de **sobrepeso infantil**.
- 2.- Máis do 60% da poboación infantil non cumpre as recomendacións de actividade física da OMS.
- 3.- O 40% da poboación española infantil ten exceso de peso.
- 4.- Galicia é a CC.AA onde menos porcentaxe de poboación practica deporte.

clúster industria
DEPORTE GALEGO

Se che gustou dalelle like 📱❤️

SEMANA EUROPEA DO DEPORTE

Co gallo da Semana Europea do Deporte levamos a cabo unha campaña de comunicación para incentivar a práctica de actividade física na vida diaria, dando pequenas recomendacións que puidera realizar calquera persoa para levar a cabo unha vida saudable: Utilizar as escaleiras, recados camiñando, descansos activos, almozos saudables e ocio activo na casa.



MÁIS COMUNICACIÓNS

Durante estes últimos tres meses tamén se levaron a cabo comunicacións para poñer en valor a importancia do deporte como industria, o conglomerado de empresas do deporte galego e resultados e conclusións de informes externos ao Clúster.





3.COMUNICACIÓN

3.1 REDES SOCIAIS



1037



380




1037



320

Actualmente entre as catro redes sociais nas que estamos presentes temos preto de **2.500 seguidores**, con máis de **25.000 visualizacións mensuais**. Somos o Clúster galego de recente creación con máis seguidores en redes sociais.



INSTAGRAM

Nos últimos tempos aumentamos a nosa actividade nesta rede social, tanto a nivel de posts como de stories. **Creamos uns deseños definidos** que van servir para **identificar o contido do Clúster**. No Feed temos **tres tipos de publicacións**: creatividade con informes e datos do sector ou recomendacións de actividade física (fondo de cor rotativa de carácter trimestral coas cores do logo), foto das nosas actividades ou das entidades asociadas e información sobre estas (fondo azul).

Actualmente temos un 22% máis de seguidores que a media de clústeres galegos (85% máis que os clústeres de nova creación). Só nos superan Audiovisual e Turismo.



TWITTER

Nos últimos tres meses **aumentamos os seguidores nun 6,4%**, ritmo superior que a meirande maioría dos clústeres galegos. Aínda así estamos claramente por debaixo da media de seguidores dos clústeres galegos (1.820). O crecemento nos últimos tempos é moito máis lento, ningún clúster medrou máis de 150 seguidores no último ano. Entre os clústeres de recente creación a media de seguidores en Twitter é de 310 (temos un 18% máis).

Aínda que no último ano aumentáronse as persoas usuarias de Twitter en España, por segundo consecutivo, xa hai máis dun 40% que delas que entran menos dunha vez ao día.

Empregamos esta rede social para poñer novas da industria do deporte, compartindo contido de medios especializados e novidades do sector. Tamén, cada vez máis, subimos contido propio.



FACEBOOK

É a rede social menos utilizada polos clústeres galegos. De feito, con só 301 seguidores estamos no Top5 dos clústeres galegos. Debido ao seu reducido alcance non temos unha estratexia definida nesta rede social e tan só estamos replicando o contido que poñemos en Twitter.



LINKEDIN

LinkedIn é a rede social na que máis traballo temos por diante. Nos últimos 3 meses estamos a medrar a un ritmo superior a calquera outra rede social, pero comparativamente con outros clústeres galegos estamos nunha peor situación. En canto a seguidores estamos moi por debaixo da media de seguidores (3.447).

Nos últimos meses estivemos realizando un estudo da repercusión das publicacións nesta rede social e temos detectado que tipo de contido ten máis éxito entre a nosa audiencia.

3.2 NEWSLETTER

Semanalmente enviamos unha Newsletter que reciben actualmente preto de 150 persoas. Un dos obxectivos segue sendo **ampliar a audiencia** que recibe esta píldora comunicativa do sector, unha vez xa se decidiu que non vai ser un contido exclusivo para representantes das entidades asociadas.

Desde Mailchimp, un dos principais provedores de servizos de marketing por correo electrónico, sinalan que a taxa de apertura media de correos electrónicos de todos os sectores é do 21,33 %, e en canto a publicacións etiquetadas como deportes, este dato aumenta ata o 24,57 %.

No referido á Newsletter do Clúster, a **taxa de apertura sitúase entre o 50% e o 60%**, mesmo nos últimos meses temos chegado a ter ata o 64% de aperturas, e sen baixar do 50% incluso nos meses de verán.



3.3 GUÍA DE ESTILO

Estase a traballar nunha **Guía de Estilo** do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar.

1.4. Imágenes RRSS

En orden de llevar la identidad a un punto de **diseño más conceptual y dentro de las tendencias en el diseño deportivo 2023/2024**, estaremos empleando dichos colores de manera **degradada** y ligeramente **desaturada** a través de filtros de ruido (2-4%), combinados entre sí y texturizados.

Esto creará un cierto **aspecto "retro"**, presente en la iconografía deportiva de los años 70's-80's, sobre todo en los deportes reyes como la World Cup de Fútbol, la F1 o la NBA.

Las distintas imágenes que trabajaremos, para lograr una unidad visual entre los distintos temas y temáticas a tratar, se emplearán de manera **collage**, sobrepuestas sobre el fondo neutro trabajado previamente y jugando con las **superposiciones** con textos y el bloque de color degradado.





4. PREVISIÓN DE ACTIVIDADE PARA 2024



4.1 EVENTOS

- ✓ **Actívate:** seguiremos organizando mensualmente o networking-dixital do Clúster, polo que xa pasaron preto de 50 empresas do sector. O obxectivo é que ao final do ano 2024 xa pasasen polo evento todas as entidades asociadas.
- ✓ **Galicia Sportech Congress:** seguiremos dando apoio a este importante evento organizado por HubIn e Diesemm. Consideramos relevante que se consolide como un evento de referencia no sector con impacto nacional.
- ✓ **Sportur Galicia:** tamén continuaremos dándolle apoio a celebración deste congreso de turismo deportivo organizado por Expourense.
- ✓ **PontevedraLAB:** daremos apoio a todo aquilo que sexa necesario para consolidar e facer medrar o proxecto de PontevedraLAB. Servirá para afianzar a nosa relación co Concello de Pontevedra e para manter un proxecto de interese e relevancia para a industria do deporte.



- ✓ **Sports Clúster Exchange:** daremos continuidade aos eventos organizados en conxunto con INDESCAT. Tanto en 2022 como en 2023 levamos a cabo un evento virtual con reunións privadas entre empresas no que tamén participou o Clúster de Andorra.

Para este 2024, o plan é realizar dous eventos presenciais, un en Catalunya no primeiro semestre e outro en Galicia no segundo semestre.

- ✓ **Eventos con outros clústeres:** neste 2024 queremos levar a cabo eventos de proveito para o sector xunto a outros clústeres, xa que temos pendente a xeración de sinerxias con clústeres que poidan estar vencellados ao noso, como pode ser o Clúster de Turismo.

Xa temos realizados eventos con Clusaga, Biomasa ou Saúde. No plan de actividades do Clúster tamén está previsto darlle continuidade ao traballo realizado con estas entidades.

- ✓ **Plan de Formación:** hai que seguir construíndo un plan de formación específico para a industria do deporte que sirva para cubrir as necesidades do sector.



4.2 GRUPOS DE TRABAJO

✓ **Grupo de Trabajo Infraestructuras.**

No primeiro trimestre do ano poñeremos en marcha un grupo de traballo de colaboración público-privada para tratar temas referidos as infraestructuras.

✓ **Grupo de Trabajo Saúde e Exercicio Físico.**

No último trimestre deste 2023 o Clúster iniciou xunto o Clúster de Saúde a creación dun grupo de traballo de saúde e exercicio físico coa intención de tratar temas comúns.

As primeiras reunións fixéronse con Saúde Pública e a Secretaría Xeral para o Deporte para tratar de dar un orzamento a este grupo. A intención é ampliar o grupo aos nosos socios para que poidamos debater e fixar a folla de ruta das actuacións do clúster.

✓ **Grupo de Trabajo Deporte e Discapacidade**

Desde o ano 2022 participamos neste grupo de traballo, coordinado pola Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida e pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia. Actualmente estase a traballar na fase final, que é a elaboración dunha guía de recomendacións en deporte e discapacidade.




4.3 COMUNICACIÓN

- ✓ **Difusión da actividade do Clúster.**
- ✓ **Envío recorrente de información de relevancia para as empresas e entidades do sector.**
- ✓ **Visibilización das empresas e entidades da industria galega do deporte.**
- ✓ **Difusión dos datos relevantes extraídos dos informes do Observatorio Galego do Deporte.**
- ✓ **Promoción do Plan 2 Millóns con importante presenza en RRSS e medios de comunicación.**
- ✓ **Newsletter semanal.**



ACTUALIDADE DA INDUSTRIA DO DEPORTE GALEGO

A NEWSLETTER SEMANAL DO CLÚSTER



Xacobeo 21-22





5. MEMORIA ECONÓMICA E ORZAMENTOS



5 CONTA DE RESULTADOS 2023 E ORZAMENTO 2024

| ORZAMENTO CLUSTER DEPORTE | | | | | | |
|---------------------------|--|-----------------|-----------------------|------------------|------------------|-----------------|
| ANO | INGRESOS | | GASTOS | | SALDO/ ANO | TESOURERÍA |
| | CONCEPTO | IMPORTE | CONCEPTO | IMPORTE | | |
| 2023 | Clústeres emerxentes | 78.363€ | Nóminas | 80.380 € | | |
| | Cotas | 23.190 € | Seguridade Social | 35.665 € | | |
| | Investigo | 111.029 € | Impostos | 10.382€ | | |
| | Formación | 6.857 € | Servicios contratados | 12.806 € | | |
| | Obradoiros | 12.500 € | Devolución préstamo | 15.250 € | | |
| | Outros | 88 € | Devolución obradorios | 12.500 € | | |
| | | | Formación | 1.423 € | | |
| | | | Auditorías | 5431 € | | |
| | | | Outros | 1.105 € | | |
| | | TOTAL | 232.029 € | TOTAL | 174.945 € | 57.084 € |
| 2024 | Clústeres emerxentes | 21.637 € | Nóminas | 80.380 € | | |
| | Cotas | 28.000 € | Seguridade Social | 35.665 € | | |
| | Axuda coruña | 370 € | Impostos | 10.382 € | | |
| | Observatorio de datos | 15.000 € | Auditorías | 4.500 € | | |
| | Outros servizos, Axudas pu patrocinios | 10.000 € | Outros gastos | 3.500 € | | |
| | | | Servizos contratados | 12.807 € | | |
| | TOTAL | 75.007 € | TOTAL | 147.235 € | -72.227 € | 239 € |

